



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email coruna@cigtelefonica.com  
www.cigtelefonica.com

## Pleno Extraordinario Nº 1 - 18 de xuño de 2007

### Orde do día

Hai un único punto que é a **Folga en Residencial** (Comercial).

Preséntanse dúas propostas, unha a da CIG e outra de STC-UTS.

**Expoñemos dende a CIG a proposta de paro** de 2 horas de duración para o 29 de xuño, indicamos que nesa mesma data haberá mobilizacións en outras plataformas polo que a coincidencia fará maior a presión. A Duración do paro é facilmente asumible polos traballadores e non impide a interlocución co Xerente pois no caso de que a negociación fose por bo camiño sempre se estaría a tempo de desconvocar o paro.

Tanto CCOO como UGT insisten en que se poden levar a cabo outras medidas e que a situación non é tan grave, dende a CIG volvemos a insistir en que as medidas que se leven a cabo deben implicar ós traballadores para tomar conciencia da magnitude dos problemas que existen en comercial, que se levan arrastrando dende hai tempo.

Como non hai acordo coas medidas que se poden tomar faise votación sobre o paro proposto pola CIG para o día 29 co seguinte resultado:

Votos a favor	7
Votos en contra	10
Abstencións	0

En resumen o Comité de Empresa rexeita a proposta de paro para o día 29 cos votos en contra de CCOO e UGT.

Dende a CIG mantemos a convocatoria de paro por entender que hai motivos mais que suficientes polo que seguidamente iniciaremos o proceso para darlle carácter legal ó paro.